

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTEÚN DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Valdoviño, no Salón de Sesións da Casa do Concello, o día vinteún de febreiro de dous mil dezasete, reúnese en primeira convocatoria ás nove horas e corenta minutos o Pleno da Corporación para celebrar sesión extraordinaria e urxente.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa do PSdeG-PSOE; don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona María Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luis Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); e don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos Por Valdoviño (U POR V). Non asiste don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Actúa coma secretaria a titular do Concello, dona Carlota M. González Navarro, asistindo tamén a interventora do concello, dona Gema Leal Insua.

ORDE DO DIA

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA .-

Sr. González Fernández xustifica a urxencia da sesión polo prazo para presentación da documentación do POS+ 2017, con remate o 24 de febreiro, porque se ben era vontade do grupo de goberno a inclusión deste punto na sesión do pasado pleno ordinario non se puido incorporar porque faltaba por rematar a documentación.

2º .- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS+ 2017”

Proposta de Alcaldía:

“Vista Circular sobre aprobación do “POS+ 2017”, coa cantidade asignada a este concello, de **731.076,12** euros e as bases reguladoras do dito Plan, ACORDASE conforme ao modelo do Anexo I das bases:

1.–Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Pan único de concellos) “POS+ 2017”**, da Deputación provincial da Coruña cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	----
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-----
Subtotal pago a provedores	-----

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	321.080,73
Subtotal gasto corrente	321.080,73

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2017	-----	-----	-----

ACHEGA PROVINCIAL 2016	Financiamento do investimento		
(Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2016	-----	-----	-----

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Proxecto básico y de execución de dotación y mejora en locais de usos múltiples en Avión y	75.000	----	75.000

Loira			
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	75.000	----	75.000

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxectos cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	-----

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	197.588,14
Subtotal achegas municipais	197.588,14

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
ABANCA Corporación bancaria S.A (Inicialmente concertada con CAJA DE AHORROS DE GALICIA)	0213-15.629-9	30.508,99
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		30.508,99

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	-----	-----	-----
	Achega 2017	-----	-----	-----
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	321.080,73€	-----	321.080,73€
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	-----	-----	-----
	Achega 2016	-----	-----	-----
	Préstamo 2017	75.000€	-----	75.000€
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	-----	-----	-----
E-ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	-----	-----	-----
	Achega 2016	197.588,14	-----	197.588,14
F-REDUCION DEBEDA	Préstamo 2017	30.508,99	-----	30.508,99
TOTAL	Achega 2017	321.080,73€	-----	321.080,73€
	Achega 2016	197.588,14	-----	197.588,14€
	Préstamo 2017	105.508,99	-----	105.508,99€
	TOTAL	624.177,86	-----	624.177,86€

2.–Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Proyecto básico y de ejecución de campo de fútbol de hierta artificial en campo de fútbol municipal de Mourente	349.180,05€
TOTAIS	349.180,05€

3.–Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.–Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017 se a houbera.

5.–Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se prodúce efectivamente.

6.–Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe

7.–Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.–Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Valdoviño, 20 de febreiro de 2017
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

INTERVENCIONES

Explica o Sr. Alcalde que o POS xa se incorporou no orzamento do 2017. Que este ano a Deputación cambiou as bases e deixa autonomía aos concellos para planificarse presentando un Plan único de concellos e que xa no último pleno ordinario avanzou o que se inclúa no POS+ 2017 e a distribución dos cartos.

Destaca que está en marcha o convenio coa Consellería, para rehabilitación do edificio de usos múltiples, e que se incorpora na parte da achega provincial 2016, cun importe de 197.000 e pico de euros. A idea di, e deixar o local de maiores de aluguer e trasladar as actividades ao Centro de usos múltiples, polo que se aprobou o correspondente proxecto.

Para o financiamento de gastos correntes poñense 321.000 e pico de euros e para reducir a débeda con entidades financeiras, que neste concello é moi pouca, metense 30.000 euros.

Que se fai unha inversión de 75.000 euros para mellorar o local social de Aviño e de Loira, deixando así amañados estes espazos coma quedaron outras escolas, co fin de poder ser usados para realización de actividades na parroquia.

Que este ano o Plan complementario é obrigatorio, para actuacións que teñen que ser sostibles financeiramente e foi intención deste goberno incluír neste Plan proxecto para herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente.

Sr. Bacorelle Robles.- Non entendo porque se fala de 731.076,12 euros e o total do POS é de 624.177,86 €.

Sr. Alcalde.- Débese a que non podemos utilizar todos os cartos que nos asignan pola regra de gasto, hai que aplicar os criterios económicos.

Sr. Bacorelle.- ¿Qué pasa con esos cento e pico mil de euros que temos que pagar?

Sr. Alcalde.- Non podemos ir por restricción, porque marcan normas de estudio, con características específicas que cumprir, hai condicións.

Sra. interventora.- Se algo está con subvención non computa; a regra de gasto vai ó máximo.

Sr. Bacorelle.- ¿E se houbo máis débeda poderíase usar máis cartos?

Sra. Interventora.- Entón si. Para regra de gasto, computa do Capítulo I ao VII no orzamento. Por iso houbo que facer o orzamento, para ver ata onde podíamos chegar.

Os voceiros dos grupos de CENVAL e do PARTIDO POPULAR non interveñen.

Sometese a votación a proposta de Alcaldía.

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes, acordou aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal – Plan Único de Cocnellos) “POS+ 2017”.

Votos favorables dos grupos: PSdeG-PSOE, PP e CENVAL.

Abstención do concelleiro de U POR V.

Rematado o asunto da Orde do Día, sen que caiba ningún outro, dado o carácter da sesión, ás dez horas o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión. Do que como Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO.

A secretaria,

O alcalde,

